

## Isidoro Brocos: bosquejo para o monumento ó Padre Feijoo

Ó cumprise 250 anos do pasamento do Padre Feijoo, o Museo Arqueolóxico de Ourense organizou a exposición *O Padre Feijoo. Cidadán libre da República Literaria*, na que se exhibiu o bosquejo que Isidoro Brocos presentou, en 1885, ó concurso convocado para realizar o monumento inaugurado en Ourense en 1887.



Barro cocido, 68 x 25 x 24 cm

A escultura de Brocos é propiedade do Museo de Belas Artes da Coruña e está depositada no Museo de Pontevedra, no que forma parte da súa exposición permanente xunto a outras dúas obras do artista: *Concepción Arenal*<sup>1</sup> (1896), bosquejo para o concurso convocado en 1893 para erixirle un monumento á escritora e penalista, tamén na cidade de Ourense<sup>2</sup>, e *La fisgona*<sup>3</sup> (ca. 1894), representativa da súa temática costumista. As pequenas obras desta

<sup>1</sup> Doazón de Fernando García-Areal.

<sup>2</sup> GALLEGO ESPERANZA, M. de las M. *Evocaciones en piedra y bronce. Escultura pública en Ourense*. Ourense: Servicio de publicacións da Deputación de Ourense, 1993, pp.27- 35.

<sup>3</sup> Depósito. Colección particular.

temática supuxeron unha achega fundamental á escultura galega, a pesares de que no seu momento non foran debidamente valoradas. Isto débese a que os estamentos públicos e académicos enalzaban os temas que conlevaban unha lectura moral e exemplarizante, un dos fins dos monumentos públicos, coma o ourensán dedicado ó Padre Feijoo.



O monumento, para o que foi escollida a proposta de Juan Soler y Dalmau<sup>4</sup>, responde á demanda de escultura civil que se produce no século XIX, especialmente no período histórico da Restauración, alcanzando o seu momento álxido no cambio de século<sup>5</sup>. Isto débese, entre outros motivos, ós cambios que se producen nos mecanismos de adquisición de obras de arte, onde os ata entón clientes habituais, a Igrexa e as ordes relixiosas, foron substituídos pola burguesía e os poderes públicos, responsables estes da proliferación de monumentos dedicados a personaxes relevantes do momento, ou de períodos históricos anteriores, pola seu destacado labor no ámbito da cultura, a política, a beneficencia, etc. Toda persoa digna de ser homenaxeada adoitaba ser proposta para erixirle un monumento que perpetuase a súa imaxe, ó tempo que as súas calidades se converteran nun exemplo a imitar, seguindo a idea de conseguir unha educación cívica que entrase polos ollos<sup>6</sup>. Iconograficamente representan a reis, militares, políticos, escritores, artistas, ou benfeitores públicos, xeralmente relacionados coa localidade onde se erixe a obra monumental.

<sup>4</sup> GALLEGO ESPERANZA, M. de las M... *Op. Cit.* pp. 17 – 26.

<sup>5</sup> REYERO HERMOSILLA, C. “El reconocimiento de la nación en la historia. El uso espacio-temporal de pinturas y monumentos en España”, *ARBOR, ciencia, pensamiento y cultura*, CSIC, novembro – decembro 2009, pp.1197-120.

<sup>6</sup> MARTÍN GONZÁLEZ, J.J. “Clientela y lugar de la escultura española en el siglo XIX. Aplicación a Galicia”. En: CARBALLO-CALERO, M.V. (Coord.). *Arte y ciudad. Ámbito medieval, moderno y contemporáneo*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 2000, pp. 155-178.

O Padre Feijoo foi un importante intelectual e unha das personalidades máis relevantes do século XVIII, o que xustificaba os monumentos dedicados á súa figura. A primeira estatua na súa honra fora realizada en 1858 polo escultor galego Juan Sanmartín. A obra, que recibiu unha Mención Honorífica na Exposición Nacional de 1862, foi adquirida polo Estado en 1870 para instalala na Biblioteca Nacional onde se destruíu en 1905, a causa das obras do edificio.

En 1876 constitúese unha comisión para erixirle un monumento en Ourense, con motivo do segundo centenario do seu nacemento, en Casdemiro, unha aldea do concello ourensán de Pereiro de Aguiar.

Estes monumentos respondían tamén á necesidade de ornamentar as prazas e as rúas dos numerosos ensanches que por eses anos se producen nas cidades españolas, por iso, a comisión encargada do monumento ó Padre Feijoo, ó mesmo tempo que solicita permiso á corporación municipal para a súa instalación, propón que acorde un proxecto para a execución das obras necesarias para o arranxo da Praza de Isabel a Católica, lugar elixido para a súa instalación<sup>7</sup>.

Previo ó concurso de 1885, ó que Isidoro Brocos envía o bosquexo de barro do que estamos a falar, en 1881 o escultor tiña enviado outro<sup>8</sup> que debeu ser moi similar a este, pola descrición que fixo Faustino Domínguez<sup>9</sup>, quen puido contemplalo no taller que o escultor tivo en Santiago de Compostela, *“de unos cincuenta centímetros de altura... la cabeza de la estatua ligeramente inclinada hacia el hombro derecho, expresa la actitud de meditar o de combinar los pensamientos que la pluma, sostenida por la mano derecha, ha de trasladar al libro, que con inteligente naturalidad aparece apoyado por la mano izquierda”*. O mesmo autor fai unha excelente crítica da obra de Brocos do que destaca o coñecemento que o artista ten de Feijoo e como sabe transmitilo, algo do que na súa opinión carece outro esbozo que remitía unha casa alemá de Munich, da mesma altura que o de Brocos, pero que representa ó Padre Feijoo na actitude de predicar cando este se caracterizou polos seus escritos e pensamento, non pola súa oratoria.

Descoñecemos o paradiro do primeiro bosquexo<sup>10</sup>, pero o de 1885 réalzao no seu estudio da cidade herculina<sup>11</sup>, á que se trasladara en 1881 para exercer a docencia na Escuela de

<sup>7</sup> GALLEGO ESPERANZA, M. de las M... *Op. Cit.* pp. 17-26.

<sup>8</sup> *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 16 de maio de 1881.

<sup>9</sup> DOMÍNGUEZ, F. “La estatua de Feijoo por el escultor D. Isidoro Brocos Gómez”. *El Anunciador*, 19 de marzo de 1881.


<sup>10</sup> Existe outro bosquexo igual na Colección de Arte Abanca, de menores dimensións (29 x 11 x 10 cm), e datado en 1912 nunha inscrición: "Brocos, Coruña 1912", tal e como consta no catálogo da Colección de Arte Abanca: [coleccion.abanca.com/gl/Colección](http://coleccion.abanca.com/gl/Colección).

<sup>11</sup> *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 28 de maio de 1885. Ademais dos testemuños da época a obra ten a inscrición “BROCOS, CORUÑA 1885”.

Bellas Artes, e figurou no concurso xunto ós presentados por escultores de diferentes partes de España e do estranxeiro. Finalmente a comisión escolleu o modelo presentado polo escultor catalán Juan Soler y Dalmau<sup>12</sup>, decisión que estivo rodeada de polémica e na que non faltaron as protestas, ás que se uniu o propio Brocos<sup>13</sup>. O desacordo co esbozo seleccionado levou a varios escultores cataláns a enviar unha protesta formal a Manuel Pereiro Rey, presidente da comisión encargada do monumento<sup>14</sup>, na que destacan a calidade da obra de Brocos. Unhas críticas que volveron repetirse na festa de inauguración onde se deixa constancia do pouco acerto do artista, da rudeza da escultura e da falla de parecido<sup>15</sup>.

Tanto a proposta de Soler como a de Brocos derivan iconograficamente<sup>16</sup> dos gravados de Ballester e Palomino realizados a partir do retrato, considerado o máis antigo, do pensador e ensaísta, que se reproduce nas edicións de 1765 e 1783 do seu ensaio *Teatro Crítico*.

Pese a non ter resultado elixido, o modelo de Brocos tiña maior calidade e era moito máis dinámico, como a indicou Otero Túñez<sup>17</sup>. Isidoro Brocos demostra con obras como esta que estilisticamente se atopa entre os escultores españois destacados daquel momento por rexeitar o historicismo ecléctico, baseado en recursos formais do pasado e apoiado maioritariamente polos poderes públicos por ser unha linguaxe consolidada, e asumir o realismo, que se caracteriza polo emprego dunha indumentaria



<sup>12</sup> *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 2 de outubro de 1885.

<sup>13</sup> *Faro de Vigo*, 25 de outubro de 1885.

<sup>14</sup> “La estatua del Padre Feijoo”, *Galicia Moderna*, La Habana, 29 de novembro de 1885.

<sup>15</sup> GALLEGO ESPERANZA, M. de las M... *Op. Cit.*, p. 25.

<sup>16</sup> OTERO TÚÑEZ, R. “Iconografía del Padre Feijoo. Esculturas”. En: “El Padre Feijoo y su siglo”. *Cuadernos de la Cátedra Feijoo*. Oviedo: Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Oviedo, 1966, pp.551-559.

<sup>17</sup> OTERO TÚÑEZ, R... *Op. Cit.*

adecuada, o parecido físico, a observación dos detalles e a ruptura dos estereotipos establecidos. En definitiva supón asumir unha linguaxe moderna que a prensa do momento destacaba con comentarios como: *“Actitud, carnes, paños, expresión de la efigie del prodigioso beneditino gloria de Galicia, todo es sobresaliente, revelando grandísima inspiración”*<sup>18</sup>. Unha modernidade que, como sinalou López Vázquez<sup>19</sup>, reside tamén en non trasladar as formas da escultura relixiosa á profana, como sucedía no resto dos escultores galegos.

O esbozo de Brocos retrata ó personaxe dun modo fiel, tanto no xesto coma no parecido físico ou a indumentaria e ó mesmo tempo que enaltece ó personaxe humanízao, facéndoo máis próximo.

**Beatriz De San Ildefonso Rodríguez**

Conservadora do Museo de Pontevedra

---

<sup>18</sup> *Faro de Vigo*, 19 de xuño de 1885.

<sup>19</sup> LÓPEZ VÁZQUEZ, J.M. “La escultura religiosa de Isidoro Brocos”. En: *Isidoro Brocos. El arte como oficio*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1996, pp 7- 13.